



Mestrado en
Xeoinformática

Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MsC degree in Geoinformatics

Mestrado Interuniversitario en Xeoinformática

Master Interuniversitario en Geoinformática

Que é a Xeoinformática?

A *xeoinformática* permite almacenar, procesar, interpretar e visualizar a información espacial. Nace da fusión entre a Enxeñaría Informática e as Ciencias da Terra e Enxeñarías afíns. Permite resolver problemas de índole xeográfica mediante o desenvolvemento e aplicación de algoritmos informáticos e modelos matemáticos.

A súa aplicación abrangue diferentes campos, como a intelixencia xeoespacial, xestión urbanística, xestión do medio natural, de infraestruturas, xeomarketing, xeosaúde, análise espacial, xeostatística...

Este mestrado preséntase como un título de alta especialización para formar profesionais orientados ao mercado da industria xeoespacial, un dos sectores que máis rapidamente ten medrado nos últimos anos debido ás diferentes aplicacións relacionadas cos sistemas de posicionamento global, sistemas de información xeográfica, dispositivos móbiles ou teledetección satelital.

Quen pode acceder?

Establécese un límite de 30 prazas de novo acceso por ano.

Considérase perfil de ingreso recomendado os graos en Xeomática e Topografía, Enxeñaría Informática, Enxeñaría en Tecnoloxías das Telecomunicacións, Matemáticas, Física, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Forestal, Enxeñaría Agrícola, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Enxeñaría en Tecnoloxías da Enxeñaría de Obras Públicas, Tecnoloxías da Enxeñaría Civil e Xeografía e Ordenación do Territorio. Considérase perfil de ingreso afín o Grao en Enxeñaría Industrial en tódalas súas ramas e Arquitectura.

No caso de que as solicitudes superen o número de prazas, a comisión académica da titulación ordeará as mesmas en función do seu expediente académico, ponderando con 0.75 aos estudantes con titulacións afíns e 0.5 aos non afíns.

Prezo

O prezo do mestrado pode variar dun curso a outro, pois os prezos son establecidos pola Xunta de Galicia. Estímase un custo aproximado de 1900€, segundo tarifas do curso 2014/2015.



Materias e universidade de impartición

Lugares de impartición

Facultade de Informática. Universidade da Coruña

Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas. Universidade de Vigo

Virtualizado

Para que os estudantes no teñan que cambiar de Campus durante a realización dos estudos.

Materia

Universidade

-
- Fundamentos de Enxeñaría Cartográfica
 - Xeoprosesos
 - Visualización de Información Espacial
 - Teledetección e Procesado de Imaxe
 - Redes de sensores

Universidade de Vigo

-
- Fundamentos de Sistemas da Información
 - Representación de Información Espacial
 - Proxectos SIG
 - Desenvolvemento de Aplicacións SIG en web
 - Desenvolvemento de Aplicacións SIG en móbiles

Universidade da Coruña

-
- Prácticas

En empresa.
Existen convenios para a realización de prácticas en diferentes empresas.

-
- Traballo Fin de Grao

Depende do centro de adscrición do tutor.

Prácticas garantidas

Ofrécense prácticas profesionais en empresas do sector da enxeñaría e consultoría, ademais de en centros de investigación e centros tecnolóxicos.

A comisión académica do máster garante a realización de prácticas a todo o alumnado que o solicite.

Onde informarse?

Coordinador Universidade de Vigo
Higinio González Jorge
higiniog@uvigo.es
+34 986818752

Coordinador Universidade da Coruña:
Miguel Rodríguez Luaces
luaces@udc.es
+34 981167000 Ext. 1254

Síguenos nas redes!
www.mastergeoinformatica.es



Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA